



O Corpus de Referencia do Galego Actual pódese consultar en Internet

LA VOZ | SANTIAGO.

A secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, presentou a nova versión do Corga (Corpus de Referencia do Galego Actual), unha base documental das formas ortográficas elaborada por un equipo do Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades baixo a dirección de Guillermo Rojo, catedrático de Lingüística da Universidade de Santiago e membro da Real Academia Española (RAE).

Este Corpus acaba preto de 20 millóns de formas trala incorporación de seis millóns más de texto producidos dende o ano 1975, extraídos de xornais e outras publicacións periódicas, ensaios e literatura de ficción.

A novidade é que está nova versión do Corga está disponible en Internet dende o pasado día 12, polo que os investigadores e estudiosos en lingua galega poden consultalo no enderezo <http://corpus.cirp.es/corgaxml/> de forma gratuita solicitando unha clave de acceso.

As búsquedas nese conxunto de formas ortográficas pódense facer por palabras ou por expresións, por tipos de texto, épocas, árees temáticas ou calquera combinación dos parámetros anteriores.

Investigadores da USC adaptaron un método de avaliación por primeira vez en España

Os nenos bilingües fan frases complexas antes que os monolingües

O estudo foi aplicado a 1.100 cativos con idades comprendidas entre 8 e 30 meses

LA VOZ | SANTIAGO.

■ Os nenos bilingües de Galicia son más precosos á hora de facer frases que os monolingües, segundo un estudo realizado por investigadores do departamento de Psicología Evolutiva e da Educación da Universidade de Santiago, coordinado polo profesor Miguel Pérez Pereira.

O traballo levárono a cabo entre 1.100 cativos de idades comprendidas entre os 8 e os 30 meses aplicando as escalas MacArthur-Bates de avaliación das habilidades lingüísticas e comunicativas, que foron adaptadas polo citado equipo da USC por primeira vez en España e en galego. O resultado foi que os nenos e nenas que falan galego e castelán constrúen frases más longas e complejas, antes ca os que só falan unha das linguas.

Segundo o estudo, as diferencias individuais entre nenos son «extremadamente altas», pero a pena detecta distincións entre sexos, e mesmo que a orde de nacemento (se é o primeiro ou o seguinte de varios irmáns) é unha variable que afecta ao desenvolvemento lingüístico, e situar os niveis idóneos para calquera neno ou nena.

porque detectan que os que naceron en primeiro lugar producen un vocabulario más amplio, fan frases más longas e complejas e empregan unha lingua más despida do seu contexto inmediato. O nivel de estudos e a profesión dos pais incide na comprensión e no uso da lingua dos pequenos para referirse a lugares, tempos, acciones coñecidas e persoas que non están presentes, e tamén en que fagan frases más complejas.

As escalas MacArthur-Bates foron adaptadas a 25 linguas diferentes, pero en español só existe unha versión realizada en México. A adaptación que fixo o equipo da USC é a primeira en España e para nenos galego, e foi aplicada despois en vasco, español e catalán. A súa importancia radica na existencia de instrumentos equiparables en distintas linguas para facer estudos comparativos do desenvolvemento dos nenos de distintos países. Pero sobre todo, como salientou o profesor Pérez Pereira, permite dispor de referencias para identificar a pequenos con retrasos no desenvolvemento lingüístico, e situar os niveis idóneos para calquera neno ou nena.

A nova campaña de promoción á lectura que está en marcha ate maio chegará a 4.500 escolares

LA VOZ | SANTIAGO

■ Co lema *Ler: unha aventura diferente*, iniciáronse as actividades da séptima campaña de promoción á lectura que organizan conjuntamente a Consellería de Educación e Mocidade compostelá e a editorial Kalandra, coa colaboración da galería Saraguelos, onde se desenvolve o 5 de maio o programa e en cujo espazo estará montada unha exposición de libros e ilustracións.

As previsións, fundadas na experiencia dos últimos anos, son que participen na campaña 4.500 alumnos de 5 a 7 anos dos centros escolares

da cidade e do seu entorno. O obxectivo é achegar aos pequenos á lectura a través dos contos, e procurar favorecer unha capacidade crítica para que sexan lectores selectivos e con opinión de seu.

A oferta de actividades esténdese ás librarías da cidade, charlas para pais e educadores e talleres de ilustración. Os docentes foron convidados a una presentación da campaña, e este serán ten lugar unha charla coloquio para docentes e profesionais que traballan con nenos con necesidades educativas especiais e colectivos sociais específicos.

Unha maratón infantil e xuvenil na Fundación Granell para ler «Alicia no país das maravillas»

LA VOZ | SANTIAGO

■ Un dos libros más universais e coñecidos por pequenos e adultos, *Alicia no país das maravillas*, é a obra elixida para unha maratón de lectura infantil e xuvenil que se celebra hoxe na sede da Fundación Eugenio Granell, no Pazo de Bendaña. Está organizada pola devandita entidade e pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Galix).

A maratón iniciaase ás 10:00 coa lectura por parte de Mercedes Rosón, membro do padroado da Fundación

Granell, e de Miguel Vázquez Freire, director de Galix. As quedadas seguirán ate as 14:00 horas, e pola tarde serán de 16:00 a 20:00 horas. Os profesores dos centros escolares que participen poderán organizar as lecturas individualmente ou en grupos, con representacións teatrais e outras propostas arredor da obra de Lewis Carroll.

Os participantes disporán de versións da obra en galego e en castelán, e poden ver a exposición con obras de Philip West arredor do mundo de Alicia.

Preto de 5.000 entradas vendidas para o concerto de Maná do 22 de xuño no Monte do Gozo

LA VOZ | SANTIAGO

■ O reclamo do grupo mexicano Maná refíxese nas 5.000 entradas vendidas cando faltan case tres meses para o concerto que darán no Monte do Gozo o 22 de xuño, dentro do programa NetClub Caixa Galicia.

Este concerto de Maná é o único que a popular banda ofrecerá en Galicia na xira *Amar es combatir. Tour 2007*, que os traerá a varias capitais españolas este verán.

As entradas para escoitálos en directo no auditorio ao aire libre do Monte do Gozo pódense mercar anticipadamente e por 28 euros nos canais de venda habituais de Caixa Galicia: no teléfono 902 43 44 43, e no portal www.caixagalicia.es, sendo un 15% máis baratas para os titulares da tarxeta NetClub Caixa Galicia. O prezo único en taquillas o día do concerto será de 30 euros.

LOS PLANETAS
27 abril
22h
22€/26€

D Entradas: Tiendas Tipo · Centros Carrefour · ticktackticket.com
SALA CAPITOL ○ ○ ○ . info@www.salacapitol.com

CONVOCATORIA ASAMBLEA GENERAL ORDINARIA A.E.P.LT. 2007

Por la presente se convoca a todos los socios de la Asociación de Empresarios del Polígono Industrial del Tambre a la reunión de la ASAMBLEA GENERAL ORDINARIA, a celebrar el próximo 10 de ABRIL a las 19:30 horas en primera convocatoria y a las 20:00 horas en segunda, en los locales de la Asociación situos en el Polígono Industrial del Tambre, Vía Edison, 1, con arreglo al siguiente:

ORDEN DEL DÍA

- 1- Lectura y aprobación, si procede del acta de la última Asamblea
- 2- Informe del Presidente
- 3- Estudio y aprobación, si procede, del Balance y Cuenta de Resultados de 2006
- 4- Estudio y aprobación, si procede, del Presupuesto de Ingresos y Gastos para 2007
- 5- Elección de Presidente y renovación de miembros de la Junta Directiva.
- 6- Ruedas y preguntas

Santiago de Compostela, a 28 de Marzo de 2007

EL PRESIDENTE: Manuel Caamaño Varela

Distraerte al volante es pasar por alto muchas cosas.

SALA YAGO

Rúa do Vilar, 51-53
15705 SANTIAGO
Tel. 981 589 288
sala@salyago.com
www.salyago.com

Preventir es vivir. Cruz Roja 902 22 22 92 www.cruzroja.es